n	-	orde de derivación

Tamén se pode utiliza-lo comando Diff co mesmo efecto que no caso do limite.

```
> f:=exp(-2*x);
```

$$f := e^{-2x} \quad \textbf{(1.7.1)}$$

```
> derivada:=diff(f,x); # devolve unha expresión
```

$$derivada := -2 e^{-2x} \quad \textbf{(1.7.2)}$$

```
> f_prima:=unapply(derivada, x); # agora f_prima é unha
  función
```

$$f\_prima := x \rightarrow -2 e^{-2x} \quad \textbf{(1.7.3)}$$

```
> f_prima(3); #evalúa a función nun punto
```

$$-2 e^{-6} \quad \textbf{(1.7.4)}$$

```
> Diff(x^3+2*x , x);
```

$$\frac{d}{dx}(x^3 + 2x) \quad \textbf{(1.7.5)}$$

```
> value(%); # evalúa a expresión anterior
```

$$3x^2 + 2 \quad \textbf{(1.7.6)}$$

```
> Diff(x^3+2*x , x$2); #derivada segunda
```

$$\frac{d^2}{dx^2}(x^3 + 2x) \quad \textbf{(1.7.7)}$$

```
> value(%);
```

$$6x \quad \textbf{(1.7.8)}$$

O **diff** serve tamén para derivar funcións con respecto a varias variábeis ao mesmo tempo

```
> Diff(sin(x*y),x$2,y)=diff(sin(x*y),x$2,y);
```

$$\frac{\partial^3}{\partial y \partial x^2} \sin(xy) = -\cos(xy)\, x y^2 - 2 \sin(xy)\, y \quad \textbf{(1.7.9)}$$

Se queres calcular o valor da derivada nun punto, tes que empregar o **diff**

```
> subs(x=Pi,y=-Pi,diff(sin(x*y),x,y));
```

$$\sin(-\pi^2)\,\pi^2+\cos(-\pi^2) \qquad \textbf{(1.7.10)}$$

Con funcións (definidas con ->) hai que empregar o operador **D**:

D(f) D[i](f) D[i](f)(x, y, ...)

onde os argumentos son:

f - función a derivar

i - enteiro ou enteiros, que indican a orde da variábel a respeito da cal se deriva (p.ex. se temos *f(x, y, z)*, entón **D[3,2,1](f)** é a derivada a respeito de *z*, *y*, *x*, sucesivamente

x, y, ... - punto de aplicación

O operador **D** é máis xeral que **diff** xa que pode evaluar a derivada nun punto.
Co comando **convert** pódese convertir un formato no outro.

```
> restart;
> D[1,1,2](g)(x,y);
```

$$D[1,\,1,\,2](g)(x,\,y) \qquad \textbf{(1.7.11)}$$

```
> convert(%, diff);
```

$$\frac{\partial^3}{\partial y\,\partial x^2}\,g(x,\,y) \qquad \textbf{(1.7.12)}$$

```
> Diff(x^3+2*x , x);
```

$$\frac{d}{dx}\,(x^3+2\,x) \qquad \textbf{(1.7.13)}$$

```
> convert(%, D);
```

$$3\,x^2+2 \qquad \textbf{(1.7.14)}$$

```
> restart;
> f:=x->ln(x)+sin(x); # definición dunha función
```

$$f:=x\to\ln(x)+\sin(x) \qquad \textbf{(1.7.15)}$$

```
> f_prima:=D(f); #devolve unha función
```

$$f\_prima:=x\to\frac{1}{x}+\cos(x) \qquad \textbf{(1.7.16)}$$

```
> g:=(x, y, z)->exp(x*y)+sin(x)*cos(z)+x*y*z; #función de
  varias variabeis
```

$$g:=(x,\,y,\,z)\to e^{xy}+\sin(x)\,\cos(z)+x\,y\,z \qquad \textbf{(1.7.17)}$$

```
> der:=D[2](g); #derivada respecto a y por ocupar-la segunda
  posición
```

$$der:=(x,\,y,\,z)\to x\,e^{xy}+x\,z \qquad \textbf{(1.7.18)}$$

Integración definida e indefinida

MAPLE realiza a integración definida e indefinida co comando **int**

int(expression,x)

	$\int expression\, dx$
int(expression,x=a..b)	$\int_a^b expression\, dx$
int(expression, [x = a..b, y = c..d, ...])	$\int_c^d \int_a^b expression\, dx dy$

onde os parámetros son:

expression	-	expresión a integrar
x, y	-	variabeis de integración
a, b, c, d	-	intervalo de integración no caso de integral indefinida

```
> restart;
> expresion:=2*x*exp(x^2);
```

$$expresion := 2\,x\,e^{x^2} \quad \textbf{(1.8.1)}$$

```
> int(expresion, x); # integral indefinida
```

$$e^{x^2} \quad \textbf{(1.8.2)}$$

```
> diff(%, x); # derivamos o resultado da integral e da
  expresion
```

$$2\,x\,e^{x^2} \quad \textbf{(1.8.3)}$$

```
> int(sin(y)*cos(y),y);
```

$$-\frac{1}{2}\cos(y)^2 \quad \textbf{(1.8.4)}$$

```
> int(1/exp(x^2)+x,x);
```

$$\frac{1}{2}\sqrt{\pi}\,\mathrm{erf}(x) + \frac{1}{2}\,x^2 \quad \textbf{(1.8.5)}$$

```
> int(1/x, x=2..4); # integral definida
```

$$\ln(2) \quad \textbf{(1.8.6)}$$

```
> expresion2:=1/(1+x^2);
```

$$expresion2 := \frac{1}{1+x^2} \quad \textbf{(1.8.7)}$$

```
> int(expresion2, x=0..infinity);
```

$$\frac{1}{2}\,\pi \quad \textbf{(1.8.8)}$$

O comando **Int** é interesante para visualizar a integral que estamos a realizar pero non avalía a expresión.

```
> Int(expresion2, x=0..infinity);
```

(1.8.9)

$$\int_0^{\infty} \frac{1}{1+x^2}\,dx \qquad (1.8.9)$$

```
> value(%);
```

$$\frac{1}{2}\,\pi \qquad (1.8.10)$$

Nota que a integral infinita é o límite da integral finita cando o intervalo de integración tende a infinito:

$$\int_a^{\infty} f(x)\,dx = \lim_{x\to\infty} \int_a^{x} f(t)\,dt$$

Por exemplo:

$$\int_1^{\infty} \frac{1}{x^2}\,dx = \lim_{x\to\infty} \int_1^{x} \frac{1}{t^2}\,dt$$

```
> int(1/t^2, t=1..x) assuming x::positive
```

$$\frac{x-1}{x} \qquad (1.8.11)$$

```
> limit(%, x=infinity);
```

$$1 \qquad (1.8.12)$$

```
> int(1/x^2, x=1..infinity);
```

$$1 \qquad (1.8.13)$$

No caso de integrais dobres (é dicir, de funcións de dúas variábeis):

$$\int_0^a \int_{-x}^{x} (x^2y + xy^2)\,dy\,dx = \int_0^a \left[\int_{-x}^{x} (x^2y + xy^2)\,dy \right] dx$$

```
> Int(x^2*y+x*y^2, [y=-x..x,x=0..a])=int(int(x^2*y+x*y^2, y=-
  x..x),x=0..a);
```

$$\int_0^a \int_{-x}^{x} (x^2 y + x y^2)\,dy\,dx = \frac{2}{15}\,a^5 \qquad (1.8.14)$$

```
> Int(x^2*y+x*y^2, [y=-x..x,x=0..a])=int(x^2*y+x*y^2, [y=-x..
  x,x=0..a]);
```

$$\int_0^a \int_{-x}^{x} (x^2 y + x y^2)\,dy\,dx = \frac{2}{15}\,a^5 \qquad (1.8.15)$$

Dado que a integral debe ser un número que non pode depender de *x* nin de *y*, está claro que os límites variábeis (neste caso, - *x* e *x*) corresponden á variábel *y*, e os límites constantes (neste caso, *0* e *a*) corresponden a *x*. Sempre hai que integrar primeiro con respeito á variábel que ten os límites de integración variábeis (neste caso, *y*).

Desenvolvemento en serie de funcións. Series numéricas

Aproximación dunha función mediante unha serie de potencias

O conxunto de monomios $\{x^n\}_{-\infty}^{\infty}$ constitúe unha base no espazo vectorial das funcións. Isto significa que toda función *f(x)* pódese aproximar en torno a un punto *x=a* como unha serie de potencias (tamén chamada Polinomio de Taylor) de orde *n*:

$$f(x) \approx \sum_{i=1}^{n} a_i (x-a)^i, \quad x \in [a-\varepsilon, a+\varepsilon]$$

Isto é un polinomio en *(x-a)*. A aproximación terá un erro denotado por *O* $[(x-a)^{n+1}]$ que se le "erro de orde *n*". Este erro que será menor canto maior sexa *n* (porque o polinomio ten máis coeficientes e, polo tanto, máis graos de liberdade para aproximar a función *f*) e canto menor sexa |*x-a*| (canto máis perto esteamos de *x=a*).

$$f(x) = \sum_{i=1}^{n} a_i (x-a)^i + O((x-a)^{n+1}) \quad x \in [a-\varepsilon, a+\varepsilon]$$

A serie de Taylor é unha serie particular, que toma a forma

$$\sum_{n=0}^{\infty} \frac{f^{(n)}(a)}{n!} (x-a)^n$$

onde $f^{(n)}(a)$ é á *n*-ésima derivada de *f* en *x=a* : é dicir, $a_n = f^{(n)}(a)/n!$.

Utilízanse as función **series(expr, x=a)** ou **series(expr, x=a, n)** para a aproximación dunha expresión nunha serie e a función **taylor(expr, x=a, n)** para a descomposición nunha **serie ou polinomio de Taylor**. Ambas realizan un desenvolvemento nunha serie de orde **n** (de Taylor no caso da función **taylor**) da expresión **expr** no punto **x=a**. Os argumentos son: **expr** a expresión a desenvolver, **x** o nome da variabel independente, **a** (x=0 se non se especifica o punto) o punto de descomposición e **n** a orde de descomposición.

```
> series(x/(1-x-x^2), x = 0);
```

$$x + x^2 + 2x^3 + 3x^4 + 5x^5 + O(x^6) \qquad \textbf{(1.1.1)}$$

```
> series(x/(1-x-x^2), x); # se non se especifica o punto
  considérase x=0
```

$$x + x^2 + 2x^3 + 3x^4 + 5x^5 + O(x^6) \qquad \textbf{(1.1.2)}$$

```
> s1:=series(x/(1-x-x^2), x, 10);
```

$$s1 := x + x^2 + 2x^3 + 3x^4 + 5x^5 + 8x^6 + 13x^7 + 21x^8 + 34x^9 + O(x^{10}) \quad \textbf{(1.1.3)}$$

```
> type(s1, 'series'); #comproba se s1 é de tipo serie
```

true **(1.1.4)**

```
> type(s1, 'polynom'); # comproba se s1 é de tipo polinomio
```

false **(1.1.5)**

```
> p1:=convert(s1, 'polynom'); # convirte a serie nun polinomio
```

$$p1 := x + x^2 + 2x^3 + 3x^4 + 5x^5 + 8x^6 + 13x^7 + 21x^8 + 34x^9 \quad \textbf{(1.1.6)}$$

```
> type(p1, 'polynom');
```

true **(1.1.7)**

Esta serie ou polinomio de Taylor aproxima á función (neste caso *f(x)=x/(1-x-x²)*) nun entorno de *x=0*: a aproximación é mellor cando máis perto esteamos de *x=0* e canto meirande sexa a orde *n* do polinomio. Podemos comprobar esta aproximación co comando:

```
> f:=x/(1-x-x^2):plot([f, convert(series(f,x=0,4),polynom)],x=
  -0.6..0.6);
```



Aumentando a orde da serie (no caso anterior, 4), acádase unha mellor aproximación. Nota que a diferencia aumenta cando nos alonxamos de *x=0*.

```
> series(x^3/(x^4+4*x-5), x = infinity);
```

$$\frac{1}{x} - \frac{4}{x^4} + \frac{5}{x^5} + O\left(\frac{1}{x^7}\right) \quad \textbf{(1.1.8)}$$

```
> taylor(exp(x), x = 0, 6); #serie de Taylor
```

$$1 + x + \frac{1}{2}x^2 + \frac{1}{6}x^3 + \frac{1}{24}x^4 + \frac{1}{120}x^5 + O(x^6) \quad \textbf{(1.1.9)}$$

```
> type(%, 'series');
```

true **(1.1.10)**

```
> taylor(sin(x), x = Pi);
```

$$-(x-\pi)+\frac{1}{6}(x-\pi)^3-\frac{1}{120}(x-\pi)^5+O\left((x-\pi)^6\right) \qquad \textbf{(1.1.11)}$$

Podemos calcular o coeficiente *i* coa función **coeff(p, x^i)**:

```
> coeff(p1,x^2);
```

$$1 \qquad \textbf{(1.1.12)}$$

onde *p1* é o polinomio de Taylor.

Tamén se pode calcula-lo desenvolvemento en serie de Taylor de funcións de varias variábeis (p.ex. *f(x,y)*) con **mtaylor()**. Por exemplo, *f(x, y)* = $e^{x^2+y^2}$ pódese desenvolver usando:

```
> mtaylor(exp(x^2+y^2),[x=0,y=0],8);
```

$$1+x^2+y^2+\frac{1}{2}x^4+y^2x^2+\frac{1}{2}y^4+\frac{1}{6}x^6+\frac{1}{2}y^2x^4+\frac{1}{2}y^4x^2+\frac{1}{6}y^6 \qquad \textbf{(1.1.13)}$$

Suma de series numéricas

As series finitas numéricas e infinitas son da forma:

$$\sum_{k=1}^{n} a_k \qquad \sum_{n=1}^{\infty} a_n = \lim_{k\to\infty} \sum_{n=1}^{k} a_n$$

Utilízase o comando **sum** ou **Sum** (non evalúa a expresión) combinado con **value**.

sum(f, k= m..n)

$$\sum_{k=m}^{n} f$$

onde:

f	-	expresión
k	-	nome do índice do sumatorio
m, n	-	extremos do sumatorio (enteiros ou expresións)

A función *sum( )* calcula a expresión simbólica dunha suma (finita ou infinita). Para calcular unha suma finita dun número constante de sumandos (non *k*, senón p.ex. 5 sumandos), mellor usa-lo comando *add(f, i = m..n)*. Exemplo: $add(i^2, i=1..5)$

```
> Sum(1/k!, k=0..infinity); value(%);
```

$$\sum_{k=0}^{\infty} \frac{1}{k!}$$

$$e \qquad \textbf{(1.2.1)}$$

```
> Sum(1/n^2,n=1..infinity)=sum(1/n^2,n=1..infinity);
```

$$\sum_{n=1}^{\infty} \frac{1}{n^2} = \frac{1}{6}\pi^2 \qquad \textbf{(1.2.2)}$$

Productos de series

Os produtos finitos están definidos por

$$\prod_{i=1}^{n} a_i = a_1 a_2 \ldots a_n$$

E os produtos infinitos están definidos por

$$\prod_{n=1}^{\infty} a_n = \lim_{k\to\infty} \prod_{n=1}^{k} a_n$$

En Maple, estos productos calcúlanse coa función **product(f, k=1..n)**. A función **Product(f,k=1..n)** fai o mesmo pero só mostra a expresión. Por exemplo, para calcular:

$$\prod_{n=0}^{\infty}\left[1 - \frac{4}{(2\cdot n+1)^4}\right]$$

```
> Product(1-4/(2*n+1)^4,n=0..infinity)=product(1-4/(2*n+1)^4,
  n=0..infinity);
```

$$\prod_{n=0}^{\infty}\left(1 - \frac{4}{(2\,n+1)^4}\right) = \sin\left(\pi\left(\frac{1}{2} + \frac{1}{2}\,I\sqrt{2}\right)\right)\sin\left(\pi\left(-\frac{1}{2}\sqrt{2} + \frac{1}{2}\right)\right) \qquad \textbf{(1.3.1)}$$

Representación gráfica

A visualización dos resultados pode ser unha ferramenta interesante a hora de interpreta-los resultados. MAPLE permite realizar gráficos en 2 e 3 dimensións. MAPLE dispón dunha gran variedade de comandos para a representación gráfica de expresións que se poden invocar en liña de comandos ou a través da interface gráfica interactiva indo ó menú "Tools", "Assistants", "Plot builder".

¿Qué se pode representar? Pequeno catálogo do máis básico:

- Curvas planas en forma explícita, paramétrica, implícita ou polar.
- Animacións dunha función *f(x)* que varía co tempo ou con outra variabel.
- Sistemas de inecuacións lineares en 2 variabeis.
- Curvas en 3D dadas en forma paramétrica.
- Superficies en 3D dadas en forma explícita, paramétrica, implícita ou en coordenadas esféricas/cilíndricas.
- Animacións dunha función *f(x,y)*, correspondente a unha superficie en 3D, que varía co tempo.
- Conxuntos ou listas de puntos.

¿Qué opcións se poden variar no gráfico?

- Modifica-lo tamaño e cor de tódolos elementos do gráfico (eixos, títulos, gráficos, etc).
- Modifica-las escalas dos eixos.
- Fixa-lo intervalo de representación da curva, superficie, etc.
- Poñer lendas os eixos e título ó gráfico
- Nos gráficos en 2D: elexir se queremos ve-los puntos unidos por liñas, só liñas ou só puntos. Dependendo do caso seleccionado, pódese fixa-lo tipo e cor da liña e do punto.
- Graba-lo gráfico en formatos de gráficos habituais (JPEG, GIF e EPS).
- Copialo e pegalo a un documento noutra aplicación (Word)
- Etc.

A continuación veñen algúns exemplos en liña de comandos que presentan as posibilidades de representación gráfica de MAPLE. Os gráficos que construimos co programa quedan insertados no propio documento e, con posterioridade, poderíanse modifica-las opcións do gráfico. En primeiro lugar, cargaremos en memoria a libraría plots porque máis tarde ímola necesitar:

Gráficos en 2D

```
> with(plots):plot(cos((1/2)*x)+sin(2*x), x = 0 .. 4*Pi); #
  expresión especificando o rango no eixo x
```




```
> f:=x->x^2+2; # defino unha función
```

$$f := x \to x^2 + 2 \qquad \textbf{(1.1.1)}$$

```
> plot(f); # as escalas no eixo x e y establécense por
  defecto.
```



Cando se pulsa co rato no gráfico, actívanse os menús **Plot** e **Drawing**, que proporcionan botóns para configura-lo gráfico (grid, escalas do eixo, cores e tamanos de liñas, puntos e texto, títulos de gráfico e eixos, lendas, ...) e para engadir debuxos (menú **Drawing**).

Unha **curva paramétrica** ven dada por ecuacións en función dun parámetro, por exemplo, nun movemento en 2D uniforme en X (con velocidade inicial v_{0x}) e uniformemente acelerado en Y (con velocidade inicial v_{0y} e aceleración a_y) a posición $(x(t),y(t))$ está dada por:

$$x(t)=x_0+ v_{0x}t$$

$$y(t)=y_0+ v_{0y}t +\frac{1}{2} a_y t^2$$

Neste caso, o parámetro é t (o tempo). Para representar unha curva paramétrica:

```
> plot([2*sin(t), sin(t)*cos(t), t=0..2*Pi]); # visualización
  dunha curva en forma paramétrica
```



A curva paramétrica defínese como unha lista na que se especificas tanto as expresións como o rango de valores. Para non ver distorsionada a curva especifícase a opción *scaling=constrained* (que fixa o eixo x e y a mesma escala). Tamén se pode especificar premendo no botón dereito do rato (unha vez estea seleccionado o gráfico).

```
> plot([1, 2, 3, 4, 5, 6],[8, 4, 6, 2, 3, 5], style=point,
  symbolsize=20); #para visualizar un vector de puntos
  respecto a outro
```



Unha **curva en coordenadas polares** está dada polas coordenadas ρ (radio) e θ (ángulo) de cada punto, de forma $\rho = \rho(\theta)$. As ecuacións de cambio de coordenadas cartesianas a polares son $\rho=\sqrt{x^2+y^2}$, $\theta = \arctan\left(\frac{y}{x}\right)$. As ecuacións de cambio de polares a cartesianas son $x=\rho \cdot\cos(\theta)$, $y=\rho\cdot\mathrm{sen}(\theta)$. Unha curva en coordenadas polares está dada por unha ecuación da forma $\rho=\rho(\theta)$. Por exemplo $\rho(\theta) = 4\theta$ (espiral de Arquímedes)

```
> polarplot(4*theta+5*sin(10*theta), theta=0..4*Pi);
```




```
> polarplot(sin(2*theta));
```



Unha **curva** (en 2D) **en forma implícita** ten a forma *f(x, y) = 0*. Por exemplo, $x^2 + y^2 - 1 = 0$ é a ecuación implícita dunha circunferencia de radio 1 e centro (0, 0). Para representar unha curva implícita:

```
> implicitplot((x^2)/4+y^2=1, x=-4..4, y=-1..1, scaling=
  constrained); #debuxa curvas en duas dimensións dadas de
  forma implícita
```




```
> implicitplot(x·y·sin(x·y) + 1, x = -10..10, y = -10..10)
```



Unha **inecuación** é unha relación dada polos operadores > e < no canto de =. A función **inequal** ofrece a posibilidade de representar **sistemas de inecuacións lineais** en dúas variabeis. A sintase é: **inequal(ineqs, xspec, yspec, options)**, onde **ineqs** son as inecuacións, **xspec** e **yspec** son os rangos nos que se representa e **options** representa o modo de representación (ver axuda).

```
> inequal({x-y <= 1, 0 < x+y}, x = -3 .. 3, y = -3 .. 3);
```



Finalmente, o **mapa de calor**, coa función **contourplot**, representa cun código de cores (vermello= valores baixos, azul= valores altos) os valores dunha función de dúas variábeis no plano:

```
> contourplot(exp(-x^2-y^2)*sin(x^2*y^2),x=-Pi/2..Pi/2,y=-
  Pi/2..Pi/2,filledregions=true);
```



Gráficos en 3D

Os gráficos tridimensionais poden ser de varios tipos. Unha **curva en 3D** exprésase usualmente en **ecuacións paramétricas** *x=x(t), y=y(t), z=z(t)*, en función dun parámetro *t*. Para representala, emprégase a función ***spacecurve([x(t),y(t),z(t)],t=a..b)***. Por exemplo, dada a curva *x(t)=t cos t; y(t)=t sen t; z=t*, para representala executaremos:

```
> with(plots):spacecurve([t*cos(t),t*sin(t),t],t=0..20);
```



Unha **superficie 3D** ten a forma $z = f(x, y)$: $z = exp\left(- \frac{x^2 + y^2}{a^2} \right)$ é unha gaussiana de ancho a.



plot3d permite representar gráficos tridimensionais definidos por unha expresión de 2 variabeis definindo o rango no que se quere representar ou como unha función de 2 variabeis (poñemos os rangos sen incluir as variabeis).

```
> plot3d((x^2+y^2)*sin(x+y), x=-2..2, y=-2..2,axes=NORMAL);
  #utilizando unha expresión
```


```
> f:=(x,y)->sin(x^2+y^2):plot3d(f, -2..2, -2..2); #utilizando
  unha función
```



Gráficos en 3 dimensións utilizando **funcións paramétricas** dependentes de 2 parámetros u e v, superficies dadas polas ecuacións: $x = x(u, v)$, $y = y(u, v)$, $z = z$

(u, v)

```
> plot3d([u*sin(v^2), u*cos(v^2), u*sin(v)], u=0..2*Pi, v=0..
  Pi); #con expresións
```



Se pinchas co rato no gráfico actívase o menú **Plot** e podes facer cousas co gráfico (rotalo, cambia-lo recheo, os eixos, entre outros).

```
> f:=(x,y)->x*sin(y); g:=(x,y)->y*cos(x); h:=(x,y)->x*y*sin(x*
  y);plot3d([f,g,h], 0..2*Pi, 0..Pi);
```

$$f := (x, y) \to x \sin(y)$$

$$g := (x, y) \to y \cos(x)$$

$$h := (x, y) \to x\, y \sin(x\, y)$$



Superficies en 3D en forma implícita:

```
> restart:with(plots):implicitplot3d(2*x^2+3*y^2+4*z^2=8, x=
  -2..2, y=-1.7..1.7, z=-2..2);
```



Xa que $2 \cdot x^2 + 3 \cdot y^2 + 4 \cdot z^2 = 8$ é a ecuación dun elipsoide en 3D

Superficies en coordenadas cilíndricas: As coordenadas cilíndricas (ρ, θ, z) teñen o significado mostrado nesta figura, e as ecuacións de transformación a coord. cartesianas móstranse na dereita:



$x = \rho * \cos\theta$
$y = \rho * \text{sen}\,\theta$
$z = z$

$$\rho = \sqrt{x^2 + y^2}$$
$$\theta = arctan\left(\frac{y}{x}\right)$$
$$z = z$$

```
> implicitplot3d(rho^2=z, rho=0..3, theta=-3*Pi/4..3*Pi/4, z=
  0..9, coords=cylindrical);
```



Superficies en coordenadas esféricas *(r , q, f)***.** As coordenadas esféricas teñen o significado mostrado nesta figura, e as ecuacións de transformación a coord. cartesianas móstranse na dereita:



$$x = \rho\,\text{sen}(\phi)\,\cos(\theta)$$
$$y = \rho\,\text{sen}(\phi)\,\text{sen}(\theta)$$
$$z = \rho\cos(\phi)$$

$$\rho = \sqrt{x^2 + y^2 + z^2}$$
$$\theta = \arctan\left(\frac{\sqrt{x^2 + y^2}}{z}\right)$$
$$\phi = \arctan\left(\frac{y}{x}\right)$$

```
> implicitplot3d(rho=sin(10*phi)*2^(theta/2), theta=-2*Pi..2*
  Pi, phi=0..Pi, rho=0..5, coords=spherical,axes=NORMAL);
```



Animacións

MAPLE realiza animacións en 2D e 3D. Unha animación representa unha función que varía no tempo ou con algún parámetro. En 2D a sintase básica é **animate(F, rango_x, rango_t)** onde **F(*x*,*t*)** é a función a animar, **rango_x** o rango da variábel **x** e **rango_t** o rango do parámetro de animación **t** (o tempo). Posteriormente, pódese modifica-las características da animación interactivamente e ve-la animación como se fose un vídeo. Cando se pulsa co rato no gráfico, actívase o menú **Animation** (xunto con **Plot** e **Drawing**) e pódese reproducci-lo vídeo e configura-la reproducción (velocidade, etc.).

```
> animate(exp(-0.1*x*t)*sin(x*t), x=-10..10, t=1..2, frames=6)
  ;
```




```
> display(%); #visualiza tódolos frames da animación anterior
```



No caso de 3D é análogo utilizando a función **animate3d(F, x, y, t)** pero especificando o rango de dúas variabeis **x** e **y**.

```
> animate3d(cos(t*x)+sin(t*y), x=-Pi..Pi, y=-Pi..Pi, t=1..2,
  frames=4);
```




```
> display(%) # visualiza os 4 frames da animación anterior.
```

Táboa resumo dos gráficos 2D e 3D

Finalmente, aquí tedes esta gráfica para resumir os tipos de gráficos:

Tipo de Gráfico	Ecuación	Función en Maple
Gráficos en 2D		
Curva en forma explícita (función real de variábel real)	*y = f(x)*	*plot(f(x),x=a..b)*
Curva en forma paramétrica	*x = x(t), y = y(t)*	*plot([x(t),y(t),t=a..b])*
Vector de puntos	$(x_1,y_1)...(x_n,y_n)$	*plot(Vector([x_1,...,x_n]), Vector ([y_1, ..., y_n]))*
Curva en coordenadas polares *(r,q)*	$\rho = \rho(\theta)$	*polarplot(r(q), θ=a..b)*
Curva en forma implícita	*f(x, y) = 0*	*implicitplot(f(x, y) = 0, x = a..b, y = a..b)*
Inecuacións	$f_1(x, y) > 0, ..., f_n(x, y) > 0$	*inequal({f_1(x, y) > 0, ..., f_n(x, y) > 0}, x = a..b, y = a. .b)*
Mapa de calor	*z=f(x,y)*	*contourplot(f(x,y),x=a..b,y= a..b,filledregions=true)*
Curva animada	*y = f(x, t)*	*animate(f(x, t), x = a..b, t = a..b, frames = n)*
Gráficos en 3D		

Superficie en forma explícita	*z = f(x, y)*	*plot3d(f(x, y), x = a..b, y = a..b)*
Superficie en forma paramétrica	*x = x(u, v), y = y(u, v), z = z(u, v)*	*plot3d([x(u, v), y(u, v), z(u, v)], u = a..b, v = a..b)*
Curva en forma paramétrica	*x = x(t), y = y(t), z = z(t)*	*spacecurve([x(t), y(t), z(t)], t = a..b, numpoints = n)*
Superficie en forma implícita	*f(x, y, z)=0*	*implicitplot3d(f(x, y, z) = 0, x = a..b, y = a..b, z = a..b)*
Superficie en coordenadas cilíndricas *(r , q, z*)	*f(r , q, z)=0*	*implicitplot3d(f(r ,q,z), r =a..b,q=a..b, z=a..b,coords= cylindrical)*
Superficie en coordenadas esféricas *(r , q, ϕ*)	*f(r , q, ϕ)=0*	*implicitplot3d(f(r ,q, ϕ), r = a..b, q=a..b, ϕ = a..b, coords = spherical)*
Superficie animada	*z = f(x, y, t)*	*animate3d(f(x, y, t), x = a..b, y = a..b, t = a..b, frames = n)*

Solución de ecuacións e sistemas de ecuacións

MAPLE pode resolver ecuacións e inecuacións (con unha ou varias incógnitas) de xeito **simbólico** (obte-la expresión analítica da solución; isto só é posíbel en ecuacións relativamente simples) ou **numérico** (obter valores numéricos aproximados das solucións).

Resolución simbólica

A solución simbólica obtense co comando

solve(equations, variables)

onde

equations - ecuación ou inecuación (pode ser un set ou lista de ecuacións ou inecuacións).

variables - (opcional) nome ou lista de nomes das incógnitas do sistema (se non o introducimos considerará a todas as existentes).

Se MAPLE non é capaz de atopar unha solución devolve NULL.

Se como primeiro argumento introducimos unha expresión, MAPLE interpretao como expresión=0.

```
> solve(x+y=0, x); # os argumentos son unha ecuación e
  resólvese para a incognita x
```

$$-y \qquad \textbf{(1.1.1)}$$

```
> solve(x+y=0, {x,y}); # os argumentos son unha ecuación e
  resólvese para as incognitas x e y (un set).
```

$$\{x = -y,\ y = y\} \qquad \textbf{(1.1.2)}$$

```
> solve(x+y=0); # o mesmo efecto que no caso anterior
```

$$\{x = -y,\ y = y\} \qquad \textbf{(1.1.3)}$$

```
> solve(x+y, x); # os argumentos son unha expresión e
  resólvese para a incognita x
```

$$-y \qquad \textbf{(1.1.4)}$$

```
> solve({x+y=0}, {x}); # os argumentos son sets(conxuntos) de
  ecuacións e incognitas
```

$$\{x = -y\} \qquad \textbf{(1.1.5)}$$

Polo tanto, a función **solve** pode empregarse para despexar unha variábel en función de outra(s):

```
> solve(2*y-(x-1)^2 = 2, y);
```

$$\frac{1}{2}x^2 - x + \frac{3}{2} \qquad \textbf{(1.1.6)}$$

```
> solve({x+(1/4)*y+z = 1,  3.2*x+1.3*y+4.2*z = 5,  8.7*x+19*
  y+11.2*z = 94}, [x, y, z]); #sistema de 3 ecuacións con 3
  incognitas: as ecuacións van entre chaves (é un conxunto de
  ecuacións)
```

(1.1.7)

$$[[x = 0.4969502408,\ y = 5.187800963,\ z = -0.7939004815]] \quad \textbf{(1.1.7)}$$

```
> solve({x^2 = 9,  x+y < 10}, [x, y]); #resolvendo inecuacións
```

$$[[x = 3,\ y < 7],\ [x = -3,\ y < 13]] \quad \textbf{(1.1.8)}$$

```
> solve({a*x^2+b*x+c},{x}); # toma a expresión igualada a 0
```

$$\left\{x = \frac{1}{2}\ \frac{-b+\sqrt{b^2-4\,a\,c}}{a}\right\},\ \left\{x = -\frac{1}{2}\ \frac{b+\sqrt{b^2-4\,a\,c}}{a}\right\} \quad \textbf{(1.1.9)}$$

```
> x;
```

$$x \quad \textbf{(1.1.10)}$$

NOTA IMPORTANTE: se nos da a solución en termos de **RootOf**, podemos executar **allvalues(%)** e ás veces si calcula unha solución explícita (non en termos de **RoofOf**). Tamén podemos usar **evalf(%)** para obter a(s) solución(s) en punto flotante.

```
> s := solve({sin(x+y)-y·exp(x), x^2-y-2}, {x, y});
Warning, solutions may have been lost
```

$$s := \{x = RootOf(e^{-Z}\_Z^2 - \sin(\_Z^2 + \_Z - 2) - 2\,e^{-Z}),\ y = RootOf(e^{-Z}\_Z^2 - \sin(\_Z^2 + \_Z - 2) - 2\,e^{-Z})^2 - 2\} \quad \textbf{(1.1.11)}$$

```
> evalf(s);
```

$$\{x = 1.490927732 + 0.\,I,\ y = 0.222865502 + 0.\,I\} \quad \textbf{(1.1.12)}$$

```
> evalf(allvalues(s));
```

$$\{x = -0.6687012050,\ y = -1.552838698\},\ \{x = -2.742322948,\ y = 5.520335151\},\ \{x = 1.490927732,\ y = 0.222865502\},\ \{x = 2.518820998 - 0.8147435813\,I,\ y = 3.680652117 - 4.104386481\,I\},\ \{x = 3.461326200 - 0.8260768945\,I,\ y = 9.29837603 - 5.718643196\,I\},\ \{x = 0.6078432441 - 1.104304339\,I,\ y = -2.850014664 - 1.342487864\,I\},\ \{x = 2.518820998 + 0.8147435813\,I,\ y = 3.680652117 + 4.104386481\,I\},\ \{x = 3.461326200 + 0.8260768945\,I,\ y = 9.29837603 + 5.718643196\,I\},\ \{x = 0.6078432441 + 1.104304339\,I,\ y = -2.850014664 + 1.342487864\,I\},\ \{x = -2.096487462,\ y = 2.395259678\},\ \{x = -0.9101370208 - 1.831561999\,I,\ y = -4.526269960 + 3.333944762\,I\},\ \{x = -0.9101370208 + 1.831561999\,I,\ y = -4.526269960 - 3.333944762\,I\} \quad \textbf{(1.1.13)}$$

Podemos comprobar as solucións representando gráficamente con **implicitplot** o sistema de ecuacións:

```
> with(plots) : implicitplot([sin(x+y)-y·exp(x), x^2-y-2], x=-5
    ..2, y=-5..40);
```



Maple, por defecto, non asigna as solucións ás variabeis. Podemos utiliza-lo comando **assign**.

```
> restart;
> res:=solve({cos(x)+y=9}, {x});
```

$$res := \{x = \pi - \arccos(y-9)\} \quad \textbf{(1.1.14)}$$

```
> x;
```

$$x \quad \textbf{(1.1.15)}$$

```
> assign(res): x;
```

$$\pi - \arccos(y-9) \quad \textbf{(1.1.16)}$$

Podes introducir hipóteses sobre as solucións ou sobre os parámetros (constantes) que aparecen na ecuación co comando **assuming**:

```
> solve(x^2-a, x) assuming a::negative;
```

$$I\sqrt{-a},\ -I\sqrt{-a} \quad \textbf{(1.1.17)}$$

```
> solve(x^2-a, x)
```

$$\sqrt{a},\ -\sqrt{a} \quad \textbf{(1.1.18)}$$

Pódese comproba-las solucións substituindo as solucións nas ecuacións orixinais co comando **eval** que neste contexto realiza a substitución

eval(e, x, = a) $e\Big|_{x=a}$

ou tamén co comando **subs**: **subs(x= a,expr)**

```
> restart;
> ecs:={x+2*y=3, y+1/x=1}; # Set de ecucións
```

$$ecs := \left\{x + 2y = 3,\ y + \frac{1}{x} = 1\right\} \quad \textbf{(1.1.19)}$$

```
> sols:=solve(ecs, {x, y});
```

(1.1.20)

$$sols := \{x = -1, y = 2\}, \left\{x = 2, y = \frac{1}{2}\right\} \quad \textbf{(1.1.20)}$$

```
> sols[1]; # unha solución
```

$$\{x = -1, y = 2\} \quad \textbf{(1.1.21)}$$

```
> sols[2]; # outra solución
```

$$\left\{x = 2, y = \frac{1}{2}\right\} \quad \textbf{(1.1.22)}$$

```
> eval(ecs, sols[1]);
```

$$\{1 = 1, 3 = 3\} \quad \textbf{(1.1.23)}$$

```
> eval(ecs, sols[2]);
```

$$\{1 = 1, 3 = 3\} \quad \textbf{(1.1.24)}$$

```
> subs(sols[1], ecs);
```

$$\{1 = 1, 3 = 3\} \quad \textbf{(1.1.25)}$$

Resolución numérica

Utilízase o comando **fsolve** que resolve únicamente ecuacións sen símbolos (só pode ter números):

fsolve(equations, complex)

onde

equations - ecuación, lista ou set de ecuacións

complex - (opcional) nome literal que hai que poñer cando se queren atopar solucións complexas.

A declaración do comando con tódalas opcións é:

fsolve(equations, variables, complex, fulldigits, interval, starting_values, options)

máis adiante mencionanse algunhas das opcións máis relevantes.

```
> restart;
> pol := 2*x^5-11*x^4-7*x^3+12*x^2-4*x = 0;
```

$$pol := 2x^5 - 11x^4 - 7x^3 + 12x^2 - 4x = 0 \quad \textbf{(1.2.1)}$$

```
> fsolve(pol);
```

$$-1.334383488,\ 0.,\ 5.929222024 \quad \textbf{(1.2.2)}$$

```
> pol2:=3*x^4-16*x^3-3*x^2+13*x+16;
```

$$pol2 := 3x^4 - 16x^3 - 3x^2 + 13x + 16 \quad \textbf{(1.2.3)}$$

```
> fsolve(pol2, x); # só mostra solucións reais se o polinomio
  ten coeficientes reais (con coeficientes complexos calcula
  tódalas solucións).
```

$$1.324717957,\ 5.333333333 \quad \textbf{(1.2.4)}$$

```
> fsolve(pol2, x, complex); # para mostra-las solucións
  complexas
```

$$-0.662358978622373 - 0.562279512062301\,I,\ -0.662358978622373 + 0.562279512062301\,I,\ 1.32471795724475,\ 5.33333333333333 \quad \textbf{(1.2.5)}$$

Podes obter resultados similares usando solve combinado con evalf:

```
> evalf(solve(pol2));
```

$$5.333333333,\ 1.324717958,\ -0.6623589786+0.5622795125\,I,\ -0.6623589786-0.5622795125\,I \qquad \textbf{(1.2.6)}$$

Para limita-lo número de solucións utilízase a opción **maxsols**.

```
> fsolve(pol2, {x}, maxsols=1); # mostra só unha solución
```

$$\{x=1.324717957\} \qquad \textbf{(1.2.7)}$$

```
> fsolve(sin(x)=0, {x}); # especifíacase o argumento variabeis
```

$$\{x=0.\} \qquad \textbf{(1.2.8)}$$

Se o programa só nos proporciona unha solución que non nos interesa, podemos forzalo a que proporcione outras solucións coa opción **avoid.**

```
> fsolve(sin(x)=0, {x}, avoid={x=0});
```

$$\{x=-3.141592654\} \qquad \textbf{(1.2.9)}$$

Tamén se pode especificar un intervalo de búsqueda.

```
> fsolve(pol2, {x}, -Pi..Pi);
```

$$\{x=1.324717957\} \qquad \textbf{(1.2.10)}$$

```
> f:=sin(x+y)-exp(x)*y=0;
```

$$f:=\sin(x+y)-e^{x}y=0 \qquad \textbf{(1.2.11)}$$

```
> g:=x^2-y=2;
```

$$g:=x^{2}-y=2 \qquad \textbf{(1.2.12)}$$

```
> fsolve({f,g}, {x,y},{x=-1..1, y=-2..0});
```

$$\{x=-0.6687012050,\ y=-1.552838698\} \qquad \textbf{(1.2.13)}$$

E, finalmente, tamén podemos definir un punto de comezo (opción starting_values):

```
> fsolve(sin(x), x=3.25);
```

$$3.141592654 \qquad \textbf{(1.2.14)}$$

Resolución de ecuacións recurrentes

As ecuacións recurrentes son da forma:

$$f(n)=F(\{f(n-k),\ k=1,\ \ldots,\ K\}),\ f(n_1)=F_1,\ldots,\ f(n_{1+K})=F_K$$

É dicir, coñecemos o termo *n* en función de *K* termos anteriores, e coñecemos *K* termos iniciais $F_1, \ldots, F_K$. Pódense resolver co comando **rsolve({expresión recurrente, valores iniciais}, incógnitas)**, onde a expresión e os valores inicialis son os anteriores, e a incógnita é o valor a obter. Por exemplo, os números de Fibonacci están definidos por $f(1)=f(2)=1,\ f(n)=f(n-1)+f(n-2),\ n>2$. Neste caso, podemos resolver esta ecuación recurrente (é dicir, obter *f* como función de *n*) usando:

```
> rsolve({f(n)=f(n-1)+f(n-2),f(1)=1,f(2)=1},f(n));
```

$$\frac{1}{5}\sqrt{5}\left(\frac{1}{2}\sqrt{5}+\frac{1}{2}\right)^{n}-\frac{1}{5}\sqrt{5}\left(-\frac{1}{2}\sqrt{5}+\frac{1}{2}\right)^{n} \qquad \textbf{(1.3.1)}$$

```
> evalf(%)
```

$$0.4472135954\,1.618033988^{n} - 0.4472135954\,(-0.6180339880)^{n} \qquad \textbf{(1.3.2)}$$

Solucións enteiras de ecuacións

A función **isolve(ecuacións, vars)** permite resolver ecuacións obtendo só solucións enteiras. Se as solución están parametrizadas (é dicir, se 3 é solución, $3k\ \forall k \in \mathbb{Z}$ tamén é solución), **vars** son os parámetros destas solucións. Por exemplo, dada a ecuación (ten 2 incógnitas, e polo tanto só podemos poñer unha incógnita como función da outra) $3x-5y=7$, podemos resolvela con:

```
> restart;isolve(3*x-5*y=7);
```

$$\{x = 4 + 5\,\_Z1,\ y = 1 + 3\,\_Z1\} \qquad \textbf{(1.4.1)}$$

```
> isolve(3*x-5*y=7,k);
```

$$\{x = 4 + 5\,k,\ y = 1 + 3\,k\} \qquad \textbf{(1.4.2)}$$

Vemos polo tanto que k é o valor que parametriza o conxunto de solucións. Dándolle un valor a k obtemos os valores de x e y:

```
> subs(k=1, %);
```

$$\{x = 9,\ y = 4\} \qquad \textbf{(1.4.3)}$$

Manipulación de polinomios e funcións racionais

Polinomios dunha variabel

Chámase forma canónica dun polinomio a:

$$a_n x^n + a_{n-1} x^{n-1} + \ldots + a_1 x + a_0$$

onde n é o grao do polinomio, a_n o primeiro coeficiente e a_0 o último. A definición dun polinomio farase mediante o operador de asignación

```
> p1:=-3*x + 7*x^2 - 3*x^3 + 7*x^4;
```

$$p1 := 7 x^4 - 3 x^3 + 7 x^2 - 3 x \qquad \textbf{(1.1.1)}$$

Para avaliar $p_1(x_0=1)$:

```
> eval(p1,x=1);
```

$$8 \qquad \textbf{(1.1.2)}$$

```
> type(p1, 'polynom'); # devolve true se p1 é un polinomio
```

$$true \qquad \textbf{(1.1.3)}$$

```
> lcoeff(p1); # devolve o coeficiente do término de maior grado
```

$$7 \qquad \textbf{(1.1.4)}$$

```
> degree(p1); #devolve o grao do polinomio
```

$$4 \qquad \textbf{(1.1.5)}$$

```
> p2:=5*x^5 + 3*x^3 + x^2 -2*x + 1; # definición do polinomio p2
```

$$p2 := 5 x^5 + 3 x^3 + x^2 - 2 x + 1 \qquad \textbf{(1.1.6)}$$

```
> 2*p1 + 4*p2 +3;
```

$$20 x^5 + 14 x^4 + 6 x^3 + 18 x^2 - 14 x + 7 \qquad \textbf{(1.1.7)}$$

```
> p1*p2;
```

$$(7 x^4 - 3 x^3 + 7 x^2 - 3 x)\,(5 x^5 + 3 x^3 + x^2 - 2 x + 1) \qquad \textbf{(1.1.8)}$$

```
> expand(%); # calcula a expresión anterior
```

$$35 x^9 - 15 x^8 + 56 x^7 - 17 x^6 + 4 x^5 + 11 x^4 - 20 x^3 + 13 x^2 - 3 x \qquad \textbf{(1.1.9)}$$

```
> sort(%); # para obter o polinomio en forma canónica
```

$$35 x^9 - 15 x^8 + 56 x^7 - 17 x^6 + 4 x^5 + 11 x^4 - 20 x^3 + 13 x^2 - 3 x \qquad \textbf{(1.1.10)}$$

```
> coeff(p1,x^3); #devolve o coeficiente de x^3 do polinomio p1
```

$$-3 \qquad \textbf{(1.1.11)}$$

Algúns comandos para a manipulación de polinomios que xa vimos son: **coeff( )** e **degree( )** (que só poden operar sobre polinomios en forma agrupada).
En MAPLE pódese calcula-lo cociente e o resto dunha división de polinomios coas funcións **quo** e **rem**:

rem(a, b, x) e **rem(a, b, x, 'q')** devolve o resto de dividir a entre b
quo(a, b, x) e **quo(a, b, x, 'r')** devolve o cociente de dividir a entre b

a e **b** son polinomios na variabel **x** e **'q'** e **'r'** son opcionais e representan os nomes das variabeis as que se asignará o resultado das respectivas operacións (resto para o comando quo e cociente para o comando rem).
O resto **r** e o cociente **q** cumpren: **a = b*q + r** onde **degree(r, x) < degree(b, x)**

```
> q1:=quo(p2, p1, x, 'r1'); # devolve o cociente e en r1
  almacena o resto
```

$$q1 := \frac{5}{7}\,x + \frac{15}{49} \qquad \textbf{(1.1.12)}$$

```
> r1;
```

$$-\frac{53}{49}\,x^3 + x^2 - \frac{53}{49}\,x + 1 \qquad \textbf{(1.1.13)}$$

```
> testeq(p2=expand(q1*p1+r1)); #comprobación do resultado
  anterior
```

true **(1.1.14)**

```
> r2:=rem(p2, p1, x, 'q2'); # devolve o resto e almacena o
  cociente en q2
```

$$r2 := -\frac{53}{49}\,x^3 + x^2 - \frac{53}{49}\,x + 1 \qquad \textbf{(1.1.15)}$$

```
> q2;
```

$$\frac{5}{7}\,x + \frac{15}{49} \qquad \textbf{(1.1.16)}$$

```
> testeq(p2=expand(q2*p1+r2));
```

true **(1.1.17)**

A función **divide** devolve verdadeiro (*true*) cando a división entre dous polinomios é exacta (resto cero), i.e., *p1* divide a *p2*, e senón devolve falso (*false*).

```
> divide(p2, p1);
```

false **(1.1.18)**

Para calcula-lo máximo común divisor de dous polinomios utilízase a función **gcd** e para o mínimo común múltiplo a función **lcm**

gcd(a, b) **lcm(a, b,...)**

onde **a** e **b** son os polinomios.

```
> gcd(p2, p1);
```

$$x^2 + 1 \qquad \textbf{(1.1.19)}$$

```
> lcm(p2,p1);
```

$$(5\,x^3 - 2\,x + 1)\,(7\,x^4 - 3\,x^3 + 7\,x^2 - 3\,x) \qquad \textbf{(1.1.20)}$$

```
> expand(%); # calcula a expresión anterior
```

$$35\,x^7 - 15\,x^6 + 21\,x^5 - 2\,x^4 - 17\,x^3 + 13\,x^2 - 3\,x \qquad \textbf{(1.1.21)}$$

```
> lcm(6, -8, 3, 4, 12); # lcm pódese aplicar a máis de dous
  factores
```

24 **(1.1.22)**

Tamén se pode calcular as raíces dun polinomio coa función **roots**. Só da as **raíces exactas** (enteiras, racionais, certas raíces irracionais, e raíces complexas

con partes real/imaxinaria enteira, racional ou certas irracionais).

roots(a, x, K)

e devolve unha lista de pares da forma **[[r1, m1], ..., [rn, mn]]** onde **ri** e a raíz do polinomio **a** con multiplicidade **mi**, é dicir, **(x - ri)^mi** divide ao polinomio **a**.O argumento **K** indica o conxunto no que se buscan as raíces (por defecto, Z ou <; se se especifica **{sqrt(2)}**, búscanse nos irracionais que se poden poñer en termos de $\sqrt{2}$ (ídem se se pon **sqrt(3)**, etc); se se especifica **I**, busca nos números complexos con partes real e imaxinaria enteiras, racionais ou sqrt(2), etc.

```
> p3:=expand(p1*p2);
```

$$p3 := 35\,x^9 - 15\,x^8 + 56\,x^7 - 17\,x^6 + 4\,x^5 + 11\,x^4 - 20\,x^3 + 13\,x^2 - 3\,x \quad \textbf{(1.1.23)}$$

```
> roots(p3);
```

$$\left[[0, 1], \left[\frac{3}{7}, 1\right]\right] \quad \textbf{(1.1.24)}$$

Devolve só dúas raíces cando o polinomio é de grao 9. Esto débese a que só devolve as raíces racionais. Se queremos outras raíces hai que especifica-lo campo (distinto do campo dos racionais)

```
> roots(x^4-4, x); #ningunha raíz exacta racional
```

$$[\,] \quad \textbf{(1.1.25)}$$

```
> roots(x^4-4, sqrt(2)); # raices reais mútiplos de sqrt(2)
```

$$[[-\sqrt{2}, 1], [\sqrt{2}, 1]] \quad \textbf{(1.1.26)}$$

```
> roots(x^4-4, {sqrt(2), I}); # raices reais e mútiplos de
  sqrt(2)
```

$$[[-I\sqrt{2}, 1], [I\sqrt{2}, 1], [-\sqrt{2}, 1], [\sqrt{2}, 1]] \quad \textbf{(1.1.27)}$$

Pódese factorizar un polinomio (escribir un polinomio como producto de factores irreducibeis con coeficientes racionais) coa función **factor**:

factor(a) **factor(a, K)**

a é o polinomio e K un argumento opcional igual que en roots.

```
> factor(p3);
```

$$x\,(7\,x-3)\,(5\,x^3-2\,x+1)\,(x^2+1)^2 \quad \textbf{(1.1.28)}$$

Polinomios de varias variabeis

MAPLE permite definir polinomios de varias variabeis e proporciona algunhas funcións para a súa manipulación:

```
> restart;
> poli:=6*x*y^5+12*y^4+14*x^3*y^3-15*x^2*y^3+9*x^3*y^2-30*x*
  y^2-35*x^4*y+18*y*x^2+21*x^5;
```

$$poli := 14\,x^3\,y^3 + 6\,x\,y^5 + 21\,x^5 - 35\,x^4\,y + 9\,x^3\,y^2 - 15\,x^2\,y^3 + 12\,y^4 + 18\,x^2\,y - 30\,x\,y^2 \quad \textbf{(1.2.1)}$$

```
> sort(poli); #por defecto ordea por graos totais (suma de
  potencia de x + potencia de y) decrecentes
```

(1.2.2)

$$14x^3y^3+6xy^5+21x^5-35x^4y+9x^3y^2-15x^2y^3+12y^4+18x^2y-30xy^2 \quad (1.2.2)$$

```
> sort(poli, [x,y], plex,descending); # ordea os termos de
  forma alfabética (en inglés). Ve-la axuda do comando sort
  para ver tódalas posibilidades: plex=purely lexicographic
```

$$21x^5-35x^4y+14x^3y^3+9x^3y^2-15x^2y^3+18x^2y+6xy^5-30xy^2+12y^4 \quad (1.2.3)$$

```
> sort(poli, [x, y], plex, ascending);
    #` `ordea os monomios por potencias crecentes de x (con
    empates, por potencias crecentes de y)
```

$$12y^4-30xy^2+6xy^5+18x^2y-15x^2y^3+9x^3y^2+14x^3y^3-35x^4y+21x^5 \quad (1.2.4)$$

```
> sort(poli, [x, y], tdeg, descending);
    # tdeg=total degree: ordea os monomios por sumas de
    potencias de x e y decrecentes
```

$$14x^3y^3+6xy^5+21x^5-35x^4y+9x^3y^2-15x^2y^3+12y^4+18x^2y-30xy^2 \quad (1.2.5)$$

```
> sort(poli, [x, y], tdeg, ascending);
    # ordea os monomios por sumas de potencias de x e y
    crecentes
```

$$-30xy^2+18x^2y+12y^4-15x^2y^3+9x^3y^2-35x^4y+21x^5+6xy^5+14x^3y^3 \quad (1.2.6)$$

```
> sort(poli, [y, x], plex, descending);
```

$$6y^5x+12y^4+14y^3x^3-15y^3x^2+9y^2x^3-30y^2x-35yx^4+18yx^2+21x^5 \quad (1.2.7)$$

```
> sort(poli, [y, x], plex, ascending);
```

$$21x^5+18yx^2-35yx^4-30y^2x+9y^2x^3-15y^3x^2+14y^3x^3+12y^4+6y^5x \quad (1.2.8)$$

```
> sort(poli, [y, x], tdeg, descending);
```

$$6y^5x+14y^3x^3-15y^3x^2+9y^2x^3-35yx^4+21x^5+12y^4-30y^2x+18yx^2 \quad (1.2.9)$$

```
> sort(poli, [y, x], tdeg, ascending);
```

$$18yx^2-30y^2x+12y^4+21x^5-35yx^4+9y^2x^3-15y^3x^2+14y^3x^3+6y^5x \quad (1.2.10)$$

```
> collect(poli, x); # ordea o polinomio segundo as potencias
  de x
```

$$21x^5-35x^4y+(14y^3+9y^2)x^3+(18y-15y^3)x^2+(-30y^2+6y^5)x+12y^4 \quad (1.2.11)$$

```
> collect(poli, y);  # ídem de y
```

$$6\,x\,y^5+12\,y^4+(-15\,x^2+14\,x^3)\,y^3+(9\,x^3-30\,x)\,y^2+(-35\,x^4+18\,x^2)\,y+21\,x^5 \quad \textbf{(1.2.12)}$$

```
> coeff(poli, x^3); # coeficientes de x^3
```

$$14\,y^3+9\,y^2 \quad \textbf{(1.2.13)}$$

Funcións racionais

As funcións racionais exprésanse como cocientes de dous polinomios, sendo o denominador distinto de cero.

```
> restart;
> f:=x^2+3*x+2; g:=x^2+5*x+6; h:=f/g;
```

$$f := x^2+3\,x+2$$

$$g := x^2+5\,x+6$$

$$h := \frac{x^2+3\,x+2}{x^2+5\,x+6} \quad \textbf{(1.3.1)}$$

```
> numer(%); # comando que devolve o numerador da expresión
  anterior
```

$$x^2+3\,x+2 \quad \textbf{(1.3.2)}$$

```
> denom(h); #comando de devolve o denominador da función
  racional h
```

$$x^2+5\,x+6 \quad \textbf{(1.3.3)}$$

Por defecto, MAPLE non simplifica as funcións racionais. As simplificacións só se realizan cando o programa recoñece factores comúns.

```
> ff:=(x-1)*f;
```

$$ff := (x-1)\,(x^2+3\,x+2) \quad \textbf{(1.3.4)}$$

```
> gg:=(x-1)^2*g;
```

$$gg := (x-1)^2\,(x^2+5\,x+6) \quad \textbf{(1.3.5)}$$

```
> ff/gg;
```

$$\frac{x^2+3\,x+2}{(x-1)\,(x^2+5\,x+6)} \quad \textbf{(1.3.6)}$$

Para forzar unha simplificación utilízase a función **normal**:

```
> normal(f/g);
```

$$\frac{x+1}{x+3} \quad \textbf{(1.3.7)}$$

```
> normal(ff/gg);
```

$$\frac{x+1}{(x+3)\,(x-1)} \quad \textbf{(1.3.8)}$$

Tamén se poden definir funcións racionais en varias variabeis.

```
> restart;
> f:=161*y^3+ 333*x*y^2+184*y^2+162*x^2*y+144*x*y+77*y+99*
```

```
x+88;
```

$$f := 161\,y^3 + 333\,x\,y^2 + 184\,y^2 + 162\,x^2\,y + 144\,x\,y + 77\,y + 99\,x + 88 \quad \textbf{(1.3.9)}$$

```
> g:=49*y^2+28*x^2*y+63*x*y+147*y+36*x^3+32*x^2+177*x+104;
```

$$g := 49\,y^2 + 28\,x^2\,y + 63\,x\,y + 147\,y + 36\,x^3 + 32\,x^2 + 177\,x + 104 \quad \textbf{(1.3.10)}$$

```
> f/g;
```

$$\frac{161\,y^3 + 333\,x\,y^2 + 184\,y^2 + 162\,x^2\,y + 144\,x\,y + 77\,y + 99\,x + 88}{49\,y^2 + 28\,x^2\,y + 63\,x\,y + 147\,y + 36\,x^3 + 32\,x^2 + 177\,x + 104} \quad \textbf{(1.3.11)}$$

```
> normal(%);
```

$$\frac{161\,y^3 + 333\,x\,y^2 + 184\,y^2 + 162\,x^2\,y + 144\,x\,y + 77\,y + 99\,x + 88}{49\,y^2 + 28\,x^2\,y + 63\,x\,y + 147\,y + 36\,x^3 + 32\,x^2 + 177\,x + 104} \quad \textbf{(1.3.12)}$$

Pódese realiza-la **descomposición en fraccións parciais** utilizando o comando **convert** e especificando a opción **'parfrac'**

```
> restart;
> f:=(x^5+1)/(x^4-x^2);
```

$$f := \frac{x^5 + 1}{x^4 - x^2} \quad \textbf{(1.3.13)}$$

```
> convert(f, 'parfrac', x);
```

$$x - \frac{1}{x^2} + \frac{1}{x - 1} \quad \textbf{(1.3.14)}$$

Operacións con expresións

Maple dispón de moitas ferramentas para manipular expresións matemáticas. Algunhas das funcións máis utilizadas son:

Función expand:
intenta simplificar unha expresión en forma de sumas de productos de funcións máis sinxelas.

expand(expr, expr1, expr2, ..., exprn)

onde **expr** é a expresión matemática que se quere simplificar e **expr1, expr2, ..., exprn** son argumentos opcionais que indican as subexpresións que non queremos que se simplifiquen. Algúns exemplos:

```
> expand((x+1)*(x+2));
```

$$x^2 + 3\,x + 2 \tag{1.1}$$

```
> expand(((x+1)*(x+3)*x)/(x+2)); # só simplifica o numerador da
  expresión
```

$$\frac{x^3}{x+2} + \frac{4\,x^2}{x+2} + \frac{3\,x}{x+2} \tag{1.2}$$

```
> expand(sin(x+y));
```

$$\sin(x)\cos(y) + \cos(x)\sin(y) \tag{1.3}$$

```
> expand(cos(2*x));
```

$$2\cos(x)^2 - 1 \tag{1.4}$$

```
> expand(exp(a+ln(b)));
```

$$e^a\,b \tag{1.5}$$

```
> expand((x+1)*(y+z));
```

$$x\,y + x\,z + y + z \tag{1.6}$$

```
> expand(ln(x/(1-x)^2)); # só se expanden as expresións cando é
  posíbel
```

$$\ln\left(\frac{x}{(1-x)^2}\right) \tag{1.7}$$

```
> expand((x+1)*(y+z), x+1); # o segundo argumento (x+1)
  especifica a subexpresión que desexamos que non se simplifique.
```

$$(x+1)\,y + (x+1)\,z \tag{1.8}$$

Función combine: realiza a tarefa inversa a **expand**. Combina varias expresións para conseguir unha expresión máis compacta ou reducida.

combine(f) ou **combine(f, n)**

onde **f** é unha expresión, lista ou set de expresións a combinar, **n** é o nome, lista ou set de nomes que indican o tipo de elementos que contén a expresión para que MAPLE sepa que tipo de regras ten que utilizar. Valores usuais son: **trig, exp, ln, power, etc**. As regras de combinación en cada caso son:

Para **trig**

sin(a)*sin(b) ==> 1/2*cos(a-b) - 1/2*cos(a+b)

sin(a)*cos(b) ==> 1/2*sin(a-b) + 1/2*sin(a+b)
cos(a)*cos(b) ==> 1/2*cos(a-b) + 1/2*cos(a+b)

Para **exp**

exp(x)*exp(y) ==> exp(x+y)
exp(x)^y ==> exp(x*y)
exp(x+n*ln(y)) ==> y^n*exp(x) where n is an integer

Para **ln**

a*ln(x) ==> ln(x^a) (provided a*argument(x)=argument(x^a))
ln(x)+ln(y) ==> ln(x*y) (provided argument(x*y) = argument(x) + argument(y))

```
> combine(sin(x)*cos(y)+cos(x)*sin(y), trig); #especificamos que use as regras trigonométricas
```

$$\sin(x+y) \tag{1.9}$$

```
> exp(x+3*ln(y));
```

$$e^{x+3\ln(y)} \tag{1.10}$$

```
> combine(%, exp);
```

$$y^3 e^x \tag{1.11}$$

```
> exp(sin(a)*cos(b))*exp(cos(a)*sin(b));
```

$$e^{\sin(a)\cos(b)} e^{\cos(a)\sin(b)} \tag{1.12}$$

```
> combine(%, [trig, exp]); #especificamos que utilice un lista de regras de combinación
```

$$e^{\sin(a+b)} \tag{1.13}$$

Función simplify: é o comando xeral de simplificación en MAPLE. Ó igual que **combine** podemos especifica-lo tipo de simplificación que desexamos (trig, exp, ln,...). Se non se especifica nada MAPLE intenta aplica-lo maior número de regras de simplificación posíbel. Nalgúns casos devolve o mesmo resultado que **expand.**

```
> expresion:=sin(x)^2+ln(2*x)+cos(x)^2;
```

$$expresion := \sin(x)^2 + \ln(2x) + \cos(x)^2 \tag{1.14}$$

```
> simplify(expresion);
```

$$1 + \ln(2) + \ln(x) \tag{1.15}$$

```
> simplify(expresion, trig); # aqui so se aplicas as regras de simplificación trigonométricas. Obsérvese a diferenza co exemplo anterior.
```

$$1 + \ln(2x) \tag{1.16}$$

Función normal: resulta útil para aplicar a expresións alxebraicas que conteñan **fraccións**. A función normal convirte a fracción na forma normal factorizada, é dicir, fracción da forma numerador/denominador onde numerador e denominador son polinomios primos (indivisibeis) con coeficientes enteiros.

```
> restart;
> expresion:=(x^2-y^2)/(x-y)^3;
```

$$expresion := \frac{x^2 - y^2}{(x-y)^3} \tag{1.17}$$

```
> normal(expresion);
```

$$\frac{x+y}{(x-y)^2} \quad (1.18)$$

```
> normal((x^2-1)/(x-1));
```

$$x+1 \quad (1.19)$$

```
> normal(sin(x*(x+1)-x));
```

$$\sin(x^2) \quad (1.20)$$

Se desexamos que normal expanda no seu resultado tanto o numerador como denominador hai que proporcionarlle como segundo argumento *expanded*:

```
> normal(expresion, expanded);
```

$$\frac{x+y}{x^2-2xy+y^2} \quad (1.21)$$

Función factor: permite descompoñer un polinomio en factores (para descompoñer un número utilízase o comando **ifactor**).

```
> factor(6*x^2+18*x-24);
```

$$6(x+4)(x-1) \quad (1.22)$$

```
> factor(6);
```

$$6 \quad (1.23)$$

```
> ifactor(6);
```

$$(2)(3) \quad (1.24)$$

```
> expr1:=1/(x^2-1)+1/(x^2+3*x+2);
```

$$expr1 := \frac{1}{x^2-1} + \frac{1}{x^2+3x+2} \quad (1.25)$$

```
> factor(expr1);
```

$$\frac{2x+1}{(x+2)(x+1)(x-1)} \quad (1.26)$$

```
> ifactor(902/24);
```

$$\frac{(11)(41)}{(2)^2(3)} \quad (1.27)$$

Función convert: descompón unha fracción alxebraica en fraccións simples

convert(expr, form, arg3, ...)

